

AXUDAS DIRIXIDAS AOS CENTROS ESCOLARES DE EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS NO MARCO DAS STEM (SCIENCE-TECHNOLOGY-ENGINEERING-MATHS) RELACIONADOS CO MEDIO AMBIENTE

Introdución

Hoxe en día existe unha carencia de persoal formado nas disciplinas de Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas (STEM), sobre todo no que a mulleres se refire. Os grandes avances tecnolóxicos que experimentamos todos os días precisan e precisarán de traballadoras e traballadores cualificados para dar cobertura a cantidade de postos de traballo de carácter técnico.

Unha educación de calidade desde a infancia nas áreas STEM fomenta as destrezas e habilidades, as competencias para a resolución de problemas, a innovación, así como o pensamento científico, creativo e crítico, e esperta o interese das e dos estudantes por estas disciplinas sen importar o xénero ou a idade.

Porén, a mellora da educación é unha necesidade para o futuro da sociedade a través dun modelo de ensinanza baseado na interdisciplinariedade e aplicabilidade dos coñecementos en diversas materias.

Neste contexto enténdese a necesidade de poñer en práctica estas accións e, polo tanto, materializalas no desenvolvemento de proxectos no marco das STEM relacionados co medio ambiente de acordo coas seguintes bases reguladoras:

Primeira. Obxecto

Constitúe o obxecto xeral destas bases definir o conxunto de condicións e o proceso que se seguirá para a concesión das subvencións dirixidas aos centros escolares de educación primaria e secundaria da provincia de Pontevedra para o desenvolvemento de proxectos medioambientais por parte do alumnado integrado nas disciplinas de Ciencias, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas (STEM), segundo os principios de obxectividade e concorrencia competitiva.

Segunda. Financiamento

A liña de subvención obxecto desta convocatoria terá unha dotación económica de 10.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 19/410.1720.453.90.

Terceira. Entidades beneficiarias

Poderán presentar solicitudes todos os centros escolares públicos, de educación primaria e secundaria da provincia de Pontevedra, de maneira individual ou en conxunto, para desenvolver proxectos medioambientais dun grupo de alumnas e alumnos de primaria e secundaria coordinados por unha ou varias persoas docentes, en representación do centro.

Cada entidade peticionaria poderá presentar unha única solicitude por centro.

Cuarta. Accións subvencionables

Accións para apoiar o desenvolvemento e a execución de proxectos medioambientais que versen sobre calquera temática relacionada con algunha das disciplinas STEM (Ciencias, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas), subvencionados ata un máximo do 60 % do seu custo e cun límite superior subvencionable de 900 €, que teñan como obxecto:

- Promover o desenvolvemento de competencias, capacidades e aptitudes científicas e tecnolóxicas no estudiantado de primaria e secundaria
- Promover o interese pola ciencia e tecnoloxía no alumnado a través de accións que faciliten o proceso de aprendizaxe
- Impulsar a participación activa do alumnado, así como do persoal docente e os centros de ensino

Quinta. Prazo e lugar de presentación de solicitudes

O prazo para presentar as solicitudes finalizará o día 7 de xuño e contarase desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra <https://sede.depo.gal>.

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes a sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

Sexta. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- NIF das persoas xurídicas solicitantes
- Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica e coa Seguridade Social

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a estas consultas deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención destes datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Sétima. Documentación

Os centros escolares interesados deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- Memoria científica/técnica detallada e asinada do proxecto medioambiental que se vai desenvolver na que se recollan os obxectivos e a finalidade que se pretenden alcanzar, fundamento, deseño e execución coa metodoloxía que se empregará e a implicación do alumnado
- Orzamento detallado e asinado no que figure o custo total do desenvolvemento do proxecto, incluído o IVE
- Escrito da dirección do centro no que figure a persoa ou persoas docentes representantes deste (nome, apelidos, NIF e especialidade) e responsables do alumnado implicado (anexo I)
- As agrupacións de centros escolares que se constitúan para optar a estas axudas presentarán por cada centro o escrito da dirección do centro no que figure a persoa ou persoas docentes representantes deste (nome, apelidos, NIF e especialidade) e responsables do alumnado implicado (anexo I) e, ademais, un escrito no que figuren os

centros escolares participantes, a persoa responsable elixida para a representación da agrupación e a porcentaxe que achegará cada un dos centros da parte non subvencionable (anexo II)

A documentación complementaria deberá presentarse por medios electrónicos. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a mostra do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda. No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola sede electrónica da Deputación de Pontevedra, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos.

Oitava. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda das solicitudes

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente a través do modelo "Instancia xenérica", dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra <https://sede.depo.gal>.

Se a solicitude non reúne os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta, para que, nun prazo de 10 días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándolle que, no caso de non o facer, se desistirá da súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Novena. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través da Carpeta Cidadá e de Dirección Electrónica Habilitada Única. Ambos os sistemas son accesibles desde a sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

A notificación entenderase practicada no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos a Deputación de Pontevedra practícará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décima. Instrución e procedemento

1. A instrución do procedemento de concesión de subvencións será realizada pola xefa do Servizo de Medio Ambiente.

2. A instrución do procedemento de concesión comprenderá as seguintes fases:

a. Unha vez presentadas as solicitudes, realizarase o estudo e a súa comprobación por parte do servizo instrutor

b. A xefatura do Servizo de Medio Ambiente ten a condición de órgano instrutor. As súas actividades comprenderán:

b.1. Petición de informes. O prazo de emisión será de 10 días, salvo que se autorice un maior. Se o órgano instrutor o considera necesario, sobre todo no caso de investimentos, poderá solicitar un informe dos servizos técnicos provinciais para comprobar o estado actual e, posteriormente, poder verificar a realización e valoración do investimento ou da finalidade subvencionada

b.2. Informe-proposta da xefa do Servizo no que se reflicta a valoración segundo os criterios de concesión recollidos na base décimo primeira, explicando o sistema de valoración seguido, relacionando as solicitudes por orde decrecente de puntuación e

sinalando a subvención que lle corresponde a cada un deles. Ademais, relacionaranse as solicitudes desestimadas motivando as razóns destas desestimacións

c. Informe de fiscalización de Intervención de todos os expedientes e do informe-proposta

d. Estudo do informe-proposta por parte da Comisión de avaliación, que neste expediente estará formada por:

- Presidencia: a xefa do Servizo de Medio Ambiente da Deputación de Pontevedra
- Vogalía: dúas técnicas ou técnicos do Servizo de Medio Ambiente
- Secretaría: o secretario da Deputación de Pontevedra ou unha funcionaria ou funcionario de carreira con titulación superior en quen delegue

e. Proposta de resolución definitiva. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión, formulará a proposta de resolución definitiva, que deberá expresar a persoa solicitante ou a relación de persoas solicitantes para as que se propón a concesión da subvención e a súa contía. Tamén recollerá as solicitudes rexeitadas e os motivos do rexeitamento

3. A proposta de resolución definitiva non crea dereito ningún a favor da persoa beneficiaria proposta fronte á Administración mentres non se lle notifique a resolución de concesión.

Décimo primeira. Criterios e forma de concesión

Sobre un total de 100 puntos, os criterios para a concesión das axudas son os seguintes:

- a) Calidade e presentación do proxecto, ata 30 puntos
- b) Orixinalidade do proxecto (non foi copiado, reproducido nin imitado), ata 10 puntos
- c) Obxectivos, fundamentos, deseño e execución do proxecto, ata 40 puntos
- d) Proxectos acordes coa idade do alumnado, ata 20 puntos

Das solicitudes presentadas farase unha valoración de acordo con estes criterios e quedarán excluídas as solicitudes que acaden unha puntuación inferior a 50 puntos.

A contía de cada subvención obterase da aplicación dun cociente á puntuación outorgada, tendo en conta as limitacións e porcentaxes máximas establecidas na base cuarta.

Décimo segunda. Resolución

1. Unha vez aceptada, no seu caso, a proposta de resolución definitiva, o órgano competente resolverá o procedemento.

2. A resolución deberá motivarse, quedando acreditados no procedemento os fundamentos da resolución que se adopte.

3. A resolución, ademais de conter a persoa solicitante ou a relación de persoas solicitantes ás que se lles concede a subvención, fará constar, no seu caso, de maneira expresa, a desestimación do resto das solicitudes.

4. Prazo máximo para resolver e notificar. A resolución do procedemento non poderá exceder os seis meses, salvo que unha norma con rango de lei estableza un prazo maior ou así estea previsto na normativa da Unión Europea. O prazo computarase a partir da publicación da correspondente convocatoria, salvo que esta pospoña os seus efectos a unha data posterior.

5. O vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución lexitima as persoas interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

Décimo terceira. Xustificación e aboamento

As persoas beneficiarias deberán executar as actuacións para as que se conceden as axudas desde o período de inicio do curso escolar 2019/2020 ata o 31 de decembro de 2019. Ademais, deberán xustificalas no prazo de tres meses desde a súa finalización e, en todo caso, antes do 31 de marzo de 2020.

O prazo para a execución das actuacións poderá prorrogarse ata un máximo de seis meses por acordo expreso do órgano competente, previa solicitude por parte das entidades interesadas, que debe ser anterior á finalización do prazo.

Naqueles casos nos que se conceda a ampliación do prazo de execución, terán tres meses para a xustificación desde que finalice o novo prazo de execución.

Para cobrar a subvención as entidades perceptoras deberán presentar obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo "Instancia xenérica", dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra <https://sede.depo.gal>, a seguinte documentación:

1. Xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención:

- a. Memoria explicativa e detallada da realización da finalidade con mención expresa dos resultados obtidos (que comprenda, no seu caso, do programa, cartel anunciador, fotografías e demais documentación gráfica elaborada para o desenvolvemento do proxecto ou da actividade subvencionada)

b. Acreditación do cumprimento de dar difusión ao financiamento obtido

2. Xustificación dos gastos:

a. Conta xustificativa dos gastos na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada

b. Xustificación con facturas debidamente conformadas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo dos custos ou gastos polo importe da subvención concedida, indicando para cada factura ou documento análogo o número de unidades, o prezo unitario destas e o custo total de cada unidade, excepto no caso previsto no apartado d) para as administracións públicas; no caso contrario non será considerado como gasto subvencionable

c. Declaración responsable de que os gastos que figuran na conta xustificativa se aplicaron á finalidade subvencionada. Ademais, indicarse que o resto de xustificantes da conta se encontran no domicilio da persoa beneficiaria á disposición da Deputación para o seu exame

d. No caso de investimentos será preciso presentar a certificación de obra ou factura e o certificado da súa aprobación por parte do órgano competente do Concello

Se as obras as realiza unha Administración cumprirá achegar coa certificación a xustificación de todos os gastos que se relacionan nela e o informe do persoal técnico provincial, no que se acreditará que a obra está realizada de conformidade co orzamento ou proxecto que lle serviu de base (no caso de tratarse de administracións públicas poderase aplicar o previsto no apartado d) para xustificar os gastos que se relacionan na certificación). Estes requisitos deberán cumprirse para calquera subvención.

3. Xustificación dos ingresos:

a. Detalle do financiamento obtido para a finalidade subvencionada (indicando entidades, organismos, particulares etc.)

b. Declaración responsable de que os ingresos ou recursos alleos obtidos non superan o custo ou gastos da finalidade subvencionada, agás no caso de financiamento da actividade xeral das persoas ou entidades beneficiarias

Décimo cuarta. Incumplimento

Unha vez vencido o prazo de xustificación sinalado na base décima sen que a entidade beneficiaria presente a documentación xustificativa, o Servizo de Medio Ambiente requiriralle que a entregue no prazo improrrogable de 15 días.

O feito de non presentar a documentación neste prazo suporá a perda da subvención e demais responsabilidades previstas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

Décimo quinta. Devolución e reintegro

As subvencións concedidas deberán devolverse ou reintegrarse polos seguintes motivos:

- a. Obtelas falseando as condicións requiridas
- b. Non aplicalas aos fins para os que foron concedidas
- c. Incumprir a persoa beneficiaria as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases
- d. Nos demais casos previstos no réxime xurídico de subvencións

Décimo sexta. Natureza e réxime xurídico

As axudas concedidas ao abeiro desta convocatoria teñen a natureza xurídica de subvencións de acordo cos criterios establecidos na LXS.

O seu réxime xurídico axústase ao disposto nestas bases; na LXS e no seu Regulamento (Real decreto 887/2006, de 21 de xullo); na Lei 9/2007, de 13 de xullo, de subvencións de Galicia (LSG); na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL); na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP); nas Bases de execución do Orzamento para o exercicio 2019; na Ordenanza xeral de subvencións e na demais normativa aplicable.

Décimo sétima. Recursos

Contra o acordo de aprobación destas bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta publicación (artigos 123 e 124 da LPACAP), un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e todo iso no prazo establecido no artigo 46 desta lei, sen prexuízo de que se poida utilizar calquera outro recurso que se estime conveniente.

Décimo oitava. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Décimo novena. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, se deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou do exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "Normativa aplicable" dispoñible na ficha do procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Serán obxecto de comunicación os datos persoais obtidos neste procedemento ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-dedatos/exercicio-de-dereitos>.